

NORMATIVA DA SALA INFANTIL

Na sala infantil o nivel de ruído é superior ao das outras salas, pero non se permiten berros nin escándalos. Tamén hai que respectar a zona onde se fan os deberes, que debe ser máis silenciosa.

Ademais, hai unha serie de normas básicas:

1. O acceso á sala infantil é para todos os públicos.
2. Os opacs- catálogos en liña- son para todos os públicos.
3. As nenas e nenos menores de 7 anos (inclusive) teñen que estar acompañados dun adulto ou adulta en todo momento, que ten a responsabilidade do comportamento do pequeno/a.
4. Os rapaces e rapazas de 8 anos en diante que molesten a outros/as, berren en exceso ou teñan un comportamento pouco axeitado e/ou que poida interferir no estudo ou lectura dos outros usuarios/as, poden ser expulsados da sala.
5. Os postos de lectura son unicamente para uso dos/as menores de 14 anos e os/as seus acompañantes.
6. Os postos de consulta de internet, ofimática e audiovisuais son de uso exclusivo para os/as menores de 14 anos.
7. Os/as adultos/as interesados en ler algún libro da sala poden facelo na zona Recuncho de pais e nais, ou ben, levalo a outro andar.
8. Os/as menores interesados na consulta de documentos doutras salas poden collelos e baixalos á sala infantil para consultalos, con excepción da prensa diaria. O persoal da biblioteca non controla estas lecturas, teñen que facelo os/as acompañantes adultos/as.
9. O Recuncho dos bebés é para menores de 4 anos e acompañantes. Nesta zona é obrigatorio descalzarse por razóns de hixiene.
10. O uso dos baños está reservado para os/as menores e os/as seus acompañantes.
11. Igual que no resto das salas non está permitido comer, beber e falar por teléfono. Pode beberse auga e, por suposto, dar o peito.

Acatando estas normas todos/as contribuímos ao bo funcionamento da biblioteca.

Grazas.